

**Recurso nº 60/2019****Resolución nº 77/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN  
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 8 de abril de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D<sup>a</sup> R.B.R.G. actuando en nome e representación de ESPINA & DELFÍN S.L. contra o acordo de adxudicación da licitación do contrato de concesión da xestión do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Soutomaior, expediente SP 1/2018, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Polo Concello de Soutomaior convocouse a licitación do contrato de concesión da xestión do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento, cun valor estimado declarado de 11.745.043 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no BOE o 08.03.2018; no DOUE o 09.03.2018 e na Plataforma de Contratación do Sector Público o 11.04.2018.

**Segundo.-** O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida ao texto refundido a Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro.

**Terceiro.-** A recorrente impugna o acordo do Pleno do Concello de data 19.02.2019 polo que se adxudica a VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U (VIAQUA en adiante) a referida licitación.

**Cuarto.-** O día 11.03.2019 ESPINA & DELFÍN S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal.

**Quinto.-** Con data 12.03.2019 reclamouse ao Concello de Soutomaior o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 21.03.2019.

**Sexto.-** Trasladado o recurso aos interesados, recibíronse as alegacións da empresa VIAQUA.

**Sétimo.-** Este TACGal en sesión de data 15.03.2019 acordou manter a suspensión do procedemento de contratación

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

**Segundo.-** En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira LCSP o presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**Terceiro.-** O recorrente foi o segundo clasificado no procedemento de licitación, polo que a estimación deste recurso lle suporía obter un beneficio na súa esfera xurídica, determinante da súa lexitimación.

**Cuarto.-** O acordo impugnado foi notificado o día 19.02.2019, polo que o recurso foi interposto dentro do prazo legal.

**Quinto.-** Tratándose da impugnación dun acordo de adxudicación dun contrato de concesión de servizos por importe superior a 3.000.000 de euros, o recurso é admisible neses aspectos.

**Sexto.-** O recorrente alega que a adxudicataria debía estar excluída do procedemento de licitación por xustificar incorrectamente a súa oferta considerada desproporcionada e por existir incongruencias entre o contido dos sobres B e C da súa oferta.

Por último, alude á existencia de diversos erros nos informes valorativos das ofertas.

**Sétimo.-** O órgano de contratación oponse ao sinalado no recurso con base nos argumentos aos que nos referiremos nesta resolución.

Tamén se opón ao recurso a empresa VIAQUA, que defende nas súas alegacións a viabilidade e corrección da súa oferta.

**Oitavo.-** Como sinalamos anteriormente, os dous primeiros motivos de impugnación céntranse en solicitar a exclusión da empresa adxudicataria, ben por non xustificar a súa oferta considerada desproporcionada, ou por incongruencias entre o contido da súa oferta técnica e económica. En ambos casos os concretos aspectos aos que se refire o recorrente son substancialmente coincidentes.

En primeiro lugar, faise referencia no escrito do recurso aos gastos de persoal consignados pola adxudicataria VIAQUA no seu estudo incluído na oferta económica. Sinala ao respecto que *“de las 5,96 personas equivalentes adscritas directamente al servicio a tiempo completo, únicamente se justifican 3,9”*, engadindo que *“los costes de personal complementario no pueden ser absorbidos por las partidas de gestión administrativa y gastos generales y beneficio industrial”*, ao constar detallados sen contemplar custos de persoal.

En concreto sobre as partidas de xestión administrativa, indícase no recurso que eses gastos de 34.365,52 € constan perfectamente indicados *“sin contemplar costes de persoal”*. Igualmente, o informe técnico que acompaña ao recurso argumenta que:

*“nada dice de que se incluyan:*

*los costes derivados del personal de los servicios centralizados.*

*Los costes derivados del personal de los servicios especializados de las distintas empresa de SUEZ SPAIN S.L.”*

O órgano de contratación, no seu informe ao recurso, sinala que *“la imputación del gasto de personal restante cabe en las partidas de gestión administrativa, mantenimiento y gastos generales y beneficio industrial planteadas por VIAQUA en su oferta”*.

A empresa adxudicataria VIAQUA nas súas alegacións sinala que no seu sobre C fai expresa mención a que o custo do persoal indirecto cuantificado está repartido en diversas partidas, con varios exemplos ao respecto.

Exposta así a cuestión, xa debemos indicar que o argumento da simple falta de concreción dos custos do persoal indirecto non pode ser aceptado por este Tribunal como motivo de exclusión.

O estudo económico da adxudicataria axústase ao previsto na cláusula 10.2 do PCAP cun nivel de desagregación, concretamente neste apartado, coincidente co que consta no sobre C da recorrente, polo que non cabe crítica ao respecto. O nivel de detalle das ofertas debe ser, nese sentido, o que se considere suficiente para poder apreciar a coherencia e corrección das mesmas, sen que sexa esixible unha desagregación tal que leve a situacións que carecerían de sentido, expresamente no caso de custos indirectos que, como tales, poden constar divididos entre diversas partidas.

Pero ademais, se analizamos ese argumento como proba da falta de xustificación da oferta desproporcionada o mesmo non é aceptable, posto que é doutrina consolidada dos Tribunais Administrativos que non se trata de que o licitador xustifique exhaustivamente a oferta desproporcionada, senón de prover de argumentos que permitan ao órgano de contratación chegar á convicción de que se pode levar a cabo (por todas, Resolución 105/5018 deste TACGal).

E, dende a perspectiva da incoherencia da oferta, esa mera falta de detalle tampouco sería criticable, tendo en conta ademais que, como sinala a adxudicataria, o

seu sobre C recolle expresa mención a que eses custos están previstos e consignados.

O verdadeiramente relevante, en consecuencia, sería se ese custo de persoal está ou non efectivamente incluído no estudo económico aportado, é dicir, se as ofertas técnica e económica son ou non coherentes entre si, e a ese respecto non se nos mostra no escrito do recurso cálculos que rebatan a discrecionalidade técnica que lle corresponde ao órgano de contratación.

Na nosa anterior Resolución 37/2019, se ben referida á impugnación do orzamento dunha licitación, xa realizabamos a seguinte consideración aplicable a este suposto:

*“Este Tribunal xa manifestou en diversos ocasións que corresponde ao recorrente a carga da súa impugnación, debendo incorporar nesta fase de recurso os argumentos necesarios en defensa da súa postura (por todas, Resolución TACGal 26/2018). E nun caso coma o presente, no que se pretende a revogación por incorrecto do orzamento dunha licitación, eses argumentos e cálculos alternativos aos establecidos polo órgano de contratación deben constar no recurso presentado co suficiente detalle para permitir a este Tribunal a súa análise comparativa co orzamento impugnado, especificando con claridade os concretos defectos que motivan o recurso.”*

No mesmo sentido, cabe citar a Resolución 111/2018 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra ou a Resolución 52/2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid.

Así, consta ademais na documentación remitida a este Tribunal que o recorrente tivo acceso ao expediente da licitación, incluída a oferta técnica e económica da adxudicataria, e de feito no seu recurso fai expresa mención a concretos apartados desa oferta e dos informes técnicos de avaliación das proposicións. Pois ben, no informe técnico sobre as ofertas económicas dos licitadores, consta expresamente o seguinte, e así o reflicte o recorrente:

*“Se indica que los servicios centralizados que dan cobertura a VIAQUA en temas especializados se consideran en la partida de gastos generales y de gestión administrativa.*

*Indica de la misma forma la imputación de otro tipo de personal en partidas de mantenimiento, etc.*

*Teniendo en cuenta que las partidas de gestión administrativa y gastos generales y beneficio industrial son  $34.365,52 + 39.044,65 = 73.410,17$ , suponen una cuantía suficientemente alta, donde pueden incluirse los costes de personal complementario.”*

Son estas afirmacións as que permiten ao órgano de contratación apreciar como coherente a oferta de VIAQUA, sen que no recurso presentado se nos aporten polo recorrente, á vista dos custos de persoal e do conxunto do estudo económico, cálculos que demostren a incerteza desas consideracións, máis alá de sinalar de forma xenérica que as partidas de xestión administrativa e gastos xerais non alcanzan a cubrir os custos do persoal indirecto, sen acompañar cálculo que o demostre e obviando o feito de que o informe técnico tamén fai referencia ás “*partidas de mantenimiento*”. Nese sentido, simplemente resaltar que segundo o estudo económico financeiro da concesión presentado por VIAQUA, o importe desa partida ascende a 61.265,59 € en total.

Ademais, no mesmo informe que acompaña ao recurso criticase que a adxudicataria, no referente aos gastos xerais e beneficio industrial, “*se limita a calcular el 8% sobre el total de los costes del servicio, no figurando mención alguna a que dicha partida incluya*” parte do persoal indirecto. A este respecto, debemos reiterar as consideracións feitas con anterioridade, no sentido de que, existindo mención na oferta de VIAQUA de que parte os seus custos de persoal indirecto está imputados no estudo económico, e analizada e aceptada esa consideración polo órgano de contratación, non demostra o recorrente erro ou incorrección nese sentido, o cal sería, na realidade, o que motivaría a exclusión da adxudicataria, posto que a falta de maior detalle na partida de gastos xerais en ningún caso se pode considerar invalidante, tendo en conta ademais que a cláusula 10.2 do PCAP establece que “*os gastos xerais e o beneficio industrial virán cuantificados e expresados en porcentaxe sobre a base de todos os conceptos de gastos relacionados*”.

En resumo, como sinalamos na nosa Resolución 119/2018, que resolvía precisamente a exclusión dun licitador acordada polo órgano de contratación neste mesmo expediente de contratación:

*“Se un licitador ao configurar a súa oferta técnica ofrece un determinado número de persoal a adscribir ao contrato obxecto da concesión, e polo tanto cunhas concretas funcións a desenvolver para a prestación do servizo, ese persoal necesaria e ineludiblemente debe ter un reflexo económico, xa que pola propia vontade do licitador está integrado na concesión de igual xeito que o resto de custos. Entender o*

*contrario, é dicir, permitir que un licitador aporte como parte da súa oferta técnica e como criterio especificamente avaliable unhas determinadas prestacións -ben en número de persoal, ben calquera outra- que despois non consten cuantificadas na súa oferta económica, vulneraría a propia integridade da oferta e permitiría actuacións contrarias á libre competencia entre licitadores”.*

Sendo esta congruencia entre a técnica e económica o aspecto relevante neste debate e non aportándose no recurso cálculos que rebatan as apreciacións do órgano de contratación, fai que debamos desestimar este motivo de impugnación.

**Noveno.-** O segundo aspecto analizado polo recorrente refírese aos gastos de “conservación y mantenimiento”, neste caso dende o punto de vista unicamente da xustificación da oferta económica. Sinala ao respecto que o modelo de contador recollido na xustificación non se corresponde co sinalado na oferta técnica e que o prezo deses contadores se rebaixan no estudo económico a partir do quinto ano da concesión, algo que se estima incorrecto.

O órgano de contratación no seu informe a este recurso sinala ao respecto que:

*“en la justificación de VIAQUA, se abordan detalles de los costes de conservación y mantenimiento de forma muy minuciosa, incluso llegando a plantear, que en el caso de los contadores, al ser una tecnología en auge, en el futuro, el coste será menor, lo cual, por parte de los informantes lo consideraron acertado, pues los contadores son mecanismo que según pasa el tiempo se simplifican y perfeccionan, y por ello se logran ahorros económicos”.*

A empresa VIAQUA nas súas alegacións manifesta que:

*“A efectos de justificar el precio de los contadores indicados en la oferta se añade en la justificación de la oferta presuntamente temeraria, un presupuesto de un contador de velocidad, dado que para el grupo Suez el precio es similar a los volumétricos”*

E, con relación á minoración futura dos prezos dos contadores no seu sobre C xa indica:

*“Considérase que o prezo do contador de tele-lectura experimentará unha notable baixada debido ao desenvolvemento deste tipo de tecnoloxía a nivel mundial. Considérase esta redución a partir do ano 5º de concesión”*

Pois ben, exposto o debate debemos sinalar que nos atopamos ante unha cuestión incardinada no ámbito da discrecionalidade técnica do órgano de contratación, que este Tribunal debe respectar salvo que aprecie vicios de irrazoabilidade ou discriminación, o que neste caso non se nos mostra.

A adxudicataria no seu estudo económico explica a orixe do prezo dos contadores ofertados, motivación que é aceptada polo órgano de contratación, ante o que o recorrente argumenta que *“cuando la producción está concentrada -como es el caso- el incremento de demanda deriva irrefutablemente en una subida de precios”*, argumentación que pola súa xeneralidade non desvirtúa de por si a apreciación técnica do órgano de contratación.

Neste aspecto, o relevante é se o prezo ofertado pola adxudicataria na súa oferta é ou non aceptable, como viable, polo órgano de contratación, algo que non rebate o recorrente, sendo tamén salientable que o prezo por este ofertado para os contadores no seu sobre C é considerablemente inferior ao do adxudicatario.

O que determina que debamos desestimar este motivo do recurso.

**Décimo.-** O recorrente argumenta tamén incorreccións nos custos dos medios materiais da adxudicataria, de xeito que existen erros na amortización de dous vehículos adscritos á concesión nun 10% e dos equipos de comunicación.

A alegante sinala ao respecto:

*“se dota al servicio de un camión grúa y un camión de saneamiento propiedad de Viaqua (...) El importe correspondiente al coste de amortización del camión está incluido en la partida 2.2.1.2.2. Conservación y mantenimiento de las instalaciones y redes de saneamiento, en concreto en el apartado 2.2.1.2.2.1. Redes de residuales, pluviales, unitaria y sus colectores, donde se indica: “As tarefas de mantemento da rede e dos seus*

*elementos abranguen:*

- *Mantemento e limpeza de pozos de rexistro e canalizacións.*

*(...)*

*Es decir, el coste de amortización de los equipos compartidos, como es este caso, se contabiliza en un centro de coste central de Viaqua y posteriormente se reparte entre los distintos contratos en función de su porcentaje de adscripción en la partida de “mantenimiento de redes de saneamiento”. En este caso concreto esta partida incluye 4.336,04€/año por el uso de estos camiones”.*

Atopándonos ante medios materiais cunha adscripción ao servizo dun 10%, o método de imputación de custos aplicado por VIAQUA non se pode apreciar como irracional, o que determina que non proceda que a súa oferta poida ser considerada como inviable por ese motivo.

E respecto aos equipos de comunicación, o posible erro alegado polo recorrente (e negado por VIAQUA) daría un custo superior no total da licitación, segundo os propios cálculos do recurso, de menos de 150 euros anuais, o que determina que non poida afectar a viabilidade da oferta.

Tamén é procedente resaltar aos efectos deste debate, que a xustificación da baixa temeraria do licitador debe ser mais exhaustiva canto máis desproporcionada sexa a oferta, e no caso da adxudicataria a mesma non se afasta en gran medida do limiar de temeridade, e é a que recolle unha TIR e VAN inferiores entre os licitadores, ademais do dato de que a súa xustificación esténdese a 193 páxinas.

**Décimo primeiro.-** O seguinte argumento do recurso céntrase nos gastos de xestión administrativa, concretamente ao feito de que nese apartado non se recolle a totalidade do custo do *“plan de información y sensibilización ciudadana en relación al ciclo integral del agua”*.

A este respecto, tanto o órgano de contratación como a empresa alegante sinalan que o estudo económico do sobre C recollía que unha parte dese custo se imputaba a esa partida de xestión administrativa e o resto se repartía entre varios apartados, dos cales as alegacións aportadas sinalan o exemplo da subministración de fontes, cunha cuantificación singularizada.

Se acudimos a ese plan de sensibilización ofertado no sobre B por VIAQUA, observamos que o mesmo recolle aspectos tales como *“AQUALOGÍA. Actividad educativa para el público infantil”, “roteiros e andainas”, “suministro de fuentes”, “cata de aguas. Conociendo el recurso”, “campaña de entrega de juguetes de Navidad”, “acreditación flota ecológica”* etc.

Dunha simple lectura destas diversas actuacións xa debemos concluír que o feito de que os correspondentes custos se distribúan entre diversas partidas non semella en absoluto incoherente. De feito, se acudimos á oferta do recorrente observamos que no seu estudo económico se cita ese plan de sensibilización de forma xenérica dentro do apartado de gastos de xestión administrativa, nos que non se detalla de xeito individualizado o custo de cada un, o que redunda na conclusión expresada nesta resolución da innecesariedade dun detalle absoluto na desagregación dos custos estimados.

O que tamén determina a desestimación deste motivo do recurso.

**Décimo segundo.-** Como último argumento do recurso, aléganse erros nos informes valorativos que motivaron a adxudicación, facéndose referencia no informe que sustenta o recurso a diversos apartados concretos, que analizamos a continuación.

En todo caso, xa anticipamos que a análise que corresponde a este Tribunal neste ámbito debe respectar a discrecionalidade técnica do órgano do contratación, naqueles aspectos nos que non se aprecie, dito xenericamente, erro ou arbitrariedade na valoración.

Sobre o persoal reitera as súas alegacións anteriores, xa resoltas por este Tribunal.

En canto aos medios materiais e técnicos, o recorrente parte da seguinte conclusión do informe técnico que avalía o sobre B:

*“Como consecuencia de lo expuesto, la distinción más notable entre las diferentes propuestas de medios técnicos es la cuantía de los mismos. Dada la diversidad de los medios técnicos (más de medio centenar de tipologías), y a efectos de evaluar cualitativamente la bondad de cada oferta, se realiza una valoración económica estimativa en base a los precios unitarios de los licitadores que los describen y en su caso de precios medios de mercado.*

*A efectos de valoración no se consideran aplicaciones informáticas (SIXA) ni otros medios que ya dispongan de apartados específicos”*

A este respecto, o recorrente argumenta que a oferta da adxudicataria foi puntuada incorrectamente, posto que non se tivo en conta a porcentaxe de dedicación

ao contrato dos medios materiais para valorar o seu importe, polo que o gasto total en medios materias debería ser inferior.

O órgano de contratación no seu informe ao recurso indica:

*“Se confunde la recurrente pues al sumatorio que realiza les faltan las páginas 93, 94, 95, 96, 97, 98 y 99 de la oferta, donde figuran equipos de protección y aplicaciones informáticas que en el caso de VIAQUA, alcanzaba más de 235.000 € y que no se tuviera en cuenta, como al resto de los licitadores todas aquellas que tuviesen que ver con SXIA (Sistema de gestión e información del abastecimiento de agua potable y saneamiento)”*

Pois ben, tendo en conta que de avaliarse o aquí sinalado polo órgano de contratación respecto ás aplicacións informáticas non existiría o erro argumentado no recurso, debemos dar a razón neste punto ao sinalado polo Concello.

Se observamos o informe de avaliación das ofertas técnicas, resulta que para o conxunto dos licitadores se fai referencia aos medios ofertados por cada un deles, con indicación tamén das aplicacións informáticas. Polo tanto, a expresa mención dese informe a que unicamente non foron obxecto de avaliación as “*aplicaciones informáticas (SXIA)*”, só cabe entendela na forma indicada polo Concello nas súas alegacións, é dicir, que si se tiveron en conta as que non “*tuviesen que ver con SXIA (Sistema de gestión e información del abastecimiento de agua potable y saneamiento)*”, pois doutro xeito as mencións anteriores carecerían de sentido.

En canto á alegación ao respecto do “*plan de gestión y lectura de contadores*”, os argumentos do recorrente solicitando a redución da puntuación da adxudicataria non poden ser aceptados. Por un lado, non se nos mostra erro ou incongruencia no informe de avaliación das ofertas, que semella axustarse ao contido da oferta da adxudicataria. Pero ademais, o propio recorrente no seu motivo de impugnación anterior respecto ao prezo dos contadores admitía nos seus cálculos que VIAQUA cambiaría a totalidade dos mesmos, o que xa dificulta aceptar a nova argumentación de que ese cambio non será total.

Igualmente debemos rexeitar as alegacións respecto ao “*plan de control de vertidos y fugas en la red de saneamientos y pluviales*”, no que o recorrente pretende unha valoración do criterio alternativa ao do órgano de contratación, que expresa no seu informe a este recurso, ademais, varios argumentos que xustifican a valoración outorgada, entre os que destaca que:

*“Mencionan que el hecho de indicar que la recurrente propuso instalar telecontrol en todas las estaciones de bombeo, no quiere decir que en todos los bombeos establecieran un control del vertido pues el telecontrol puede alcanzar únicamente al encendido y apagado de los bombeos”*

Por último, respecto ás alegacións do recurso referidas aos apartados “*plan de limpieza programada o sistemática de la red de saneamiento de aguas residuales y pluviales*” y “*descripción sixa*”, debemos facer unha serie de consideracións específicas.

No primeiro caso, o recorrente critica que non se valorou correctamente a súa oferta. Así, en canto ao plan de limpeza o informe de valoración do sobre B recolle expresamente:

*“el plan de limpieza se establece con una frecuencia de una vez al año donde se requerirán 240 horas programadas”.*

Sen embargo, no momento de establecer as puntuacións o mesmo informe sinala que a oferta non indicaba a frecuencia da limpeza.

Analizada a oferta da recorrente comprobamos que establece:

*“Para la ejecución del plan de limpieza, ESPINA&DELFÍN ha considerado 240 horas programadas/año. El tiempo considerado permite realizar 1 limpieza/año a toda la red de saneamiento, red de emisarios, pozos de registro, imbornales”.*

O informe do órgano de contratación a este recurso sinala ao respecto que:

*“Se puede comprobar, que la oferta de Espina es de 240 horas de limpieza al año, lo que permite realizar 1 limpieza/año. Lo cual, por los técnicos informantes, no lo consideraron como una propuesta taxativa de la limpieza”*

Á vista do exposto, este argumento do órgano de contratación non pode ser aceptado por este Tribunal, ben sexa pola falta de explicación ao respecto. A oferta do recorrente fai expresa mención a “*1 limpieza/año*” e así consta tamén mencionado no informe dos técnicos ao respecto, polo que o feito de que non se tivese en conta esa limpeza na valoración non semella razoable, sen que o feito de que esa mención puidese non ser “*taxativa*”, se nos mostre como motivo ao respecto.

Agora ben, o recorrente solicita que neste criterio a corrección deste erro situaría a súa oferta ao mesmo nivel que a proposta mellor valorada, algo que este Tribunal non entende axeitado. A descrición no informe técnico da mellor oferta sinala que recolle *“una limpieza anual de toda la red y tres veces al año pluviales, rejillas e imbornales”*, algo que non se nos mostra polo recorrente na súa oferta, posto que o cadro que acompaña no seu recurso e no que se establece unha periodicidade semanal para *“revisar y mantener libres de atascos”*, non semella referirse a actuacións equiparables. A este respecto, salienta que a propia literalidade da súa oferta á que fixemos referencia anteriormente refire a limpeza anual á *“red de emisarios, pozos de registro, imbornales”*, o que é inferior ás tres anuais da oferta máis valorada.

Por último, respecto á *“descripción sexta”*, tamén existe diverxencia entre o recorrente e o órgano de contratación ao respecto do contido da súa oferta e do prazo de implantación do sistema de xestión. O informe de avaliación das ofertas recolle que a do recorrente *“no indica el plazo de entrega del sistema a implantar”*, e se ben o recurso defende que na oferta consta *“un plazo máximo de seis meses”*, o órgano de contratación indica que ese prazo é para a instalación dun GIS, pero non do conxunto do sistema de xestión.

Novamente aquí debemos dar a razón ao recorrente. A súa oferta recolle expresamente na páxina 172 que *“nos comprometemos a que en un plazo máximo de seis meses desde la firma del contrato tendremos implantado el sistema de gestión informatizado”*, literalidade que non se adecúa á conclusión do órgano de contratación, pois na oferta non se está a referir ao sistema de información xeográfica (GIS), que ven explicado nun apartado específico.

Pero é que, ademais, posteriormente na páxina 177 a propia oferta indica que este sistema de información xeográfica implantarase de forma *“inmediata”*, o que igualmente impide entender como correcto o sinalado polo órgano de contratación.

Agora ben, loxicamente debemos facer referencia ás consecuencias para o resultado da licitación destes aspectos sinalados, o que determinará tamén o sentido desta resolución.

Pois ben, se observamos as puntuacións obtidas polo recorrente e o adxudicatario nestes dous apartados que deberían ser obxecto dunha nova puntuación, resulta que esa modificación non afectaría ao resultado da licitación e non

produciría unha modificación da empresa adxudicataria, aínda no caso máis favorable ao recorrente de estimar as máximas puntuacións calculadas no seu recurso. Ademais, debemos reiterar que no apartado do “*plan de limpeza*” xa indicamos que non considerabamos adecuado que a oferta da recorrente puidese alcanzar a máxima puntuación nese criterio, por ser inferior á oferta mellor puntuada.

Isto determina, que aínda apreciados os defectos alegados polo recorrente nestes dous últimos aspectos, proceda a desestimación do recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por ESPINA & DELFÍN S.L. contra o acordo de adxudicación da licitación do contrato de concesión da xestión do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Soutomaior.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día .

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.